



BASES DE PARTICIPACION FEIRA DE COMERCIO *MESTURA SHOPPING 2019*

1. Lugar e Data

Sada, 31 de Agosto e 1 de Setembro do 2019 na carpa que se situará detrás da Terraza (Avda. Da Mariña).

2. Inscripción

- a) Poderán participar na Feira de Comercio e Servizos do Concello de Sada todas aquelas persoas que realicen a solicitude en tempo e forma.
- b) Terán preferencia aquellas empresas ou autónomos con razón social e/ou domicilio en Sada, logo de aceptar o cumprimento das normas.
- c) Outorgarase un (1) punto por cada participación en eventos anteriores promovidos desde a Concellería de Promoción Económica, Turismo e Emprego desde o 1 de Agosto de 2015. Serán autorizados a participar aqueles que obteñan a máxima puntuación ata completar aforo por orde de resultados.

3. Prazo de presentación e documentación requerida.

a) As instancias solicitando tomar parte no Mestura Shopping 2019 presentaranse no Rexistro Xeral do Concello ou nalgún dos lugares previstos no artigo 16.4 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, ademáis do formulario online que estará dispoñible nas redes sociais de turismo e na web www.sada.gal

Inscrição online: https://docs.google.com/forms/d/e/1FAIpQLSea7V2XXH-FcqOTel2uwNpDfI4z57QkaxcIMZMvNzu2GRiT/viewform?usp=pp_url

b) O prazo para presentar as solicitudes será do 5 ao 12 de agosto de 2019, ambos inclusive, en horario de 09:00 a 14:00 horas.

- c) As solicitudes deberán enviarse no modelo de inscripción debidamente cumplimentado (Anexo I).
- Fotocopia do D.N.I do solicitante
 - Descripción dos produtos que van a ser ofertados na feira.

4. Montaxe e Horarios.

a) O horario de montaxe dos postos será a partir das 19:00h. do venres 30 de agosto ata as 9:00h. do sábado 31 de agosto, non podendo desmontar o posto

antes de finalizar o evento.

- b) O horario de venta ao público os dous días da feira será das 11:00 h. ás 22:00 horas o sábado 31 de agosto e de 12:00 a 21:00h o domingo 1 de setembro.
- c) Os participantes comprométense a cumplir co horario de apertura e peche sendo este ininterrompido.
- d) A organización garante servizo de seguridade nocturna na carpa os días 30 (desde as 23:00 do día 30 de agosto ata o 31 ás 9:00 da mañá) e 31 de agosto (dende as 00:00 ata as 9:00h.).
- e) A organización non se fai responsable do contido do posto no horario da feira.
- f) Así mesmo cada expositor deberá posuír, como requisitos mínimos: unha alargadeira eléctrica en bo estado para conectarse ao punto de luz máis achegado (ata 10 m.), protección contra sobrecargas e curtoscircuítos e elementos necesarios para iluminar o posto.

5. Asignación de espazos e convivencia na Feira

- a) A asignación dos espazos será consensuado na xuntanxa do día 19 de Agosto na OMIX, ás 20:30h., sendo vinte e catro (24) o número máximo de postos. Terase en conta os espazos ocupados polas empresas en anteriores edicións.
- b) O espazo máximo asignado vai ser de 3x3 m².
- c) Os participantes non poderán ocupar maior espazo do asignado pola organización por cuestións loxísticas.
- d) Aqueles que desexen montar pérgola serán localizados nos laterais da carpa
- e) Valorarase a decoración da carpa
- f) O persoal de cada posto será o encarregado de manter a orde no seu stand así como da recollida á hora do peche

6. Aceptación de Solicitudes

- a) A organización resolverá as solicitudes e notificará a concesión de posto .
- b) A adxudicación dos postos farase por rigoroso orde de presentación das solicitudes de participación.
- c) Terase en conta que a organización reserva un posto destinado á Concellería de Promoción Económica, Turismo e Emprego.

7. Servizos Facilitados

- Carpa de 450m2
- Puntos de luz na Feira (Obrigado comunicar na inscrición, do contrario non se facilitará)
- Focos
- Tres (3) Probadores (Sen espello).
- A organización disporá diversos contentores de lixo no recinto.
- A organización non se responsabilizará dos roubos ou danos que se poidan ocasionar.
- Seguridade nocturna.
- Lavadoiro.
- Música ambiente
- Promoción en prensa, radio e material publicitario.
- Sorteos
- Mesas e cadeiras
- Non se reserverán prazas de aparcamento, só Carga e Descarga, indicando vehículo e matricula na ficha de inscrición do ANEXO I

8. A organización resérvase o dereito a dar por finalizada a actividade de calquera posto que non se adapte ós requisitos establecidos nesta convocatoria. O envío da solicitude (Anexo I) supón o coñecemento e aceptación das presentes bases. Alegar, por tanto, descoñecemento ou ignorancia sobre calquera dos puntos aquí contidos non será argumento a ter en conta pola organización en caso de que se dea o incumprimento dalgún deles.

Sada, 2 de agosto de 2019

Asdo.- Laura Rodríguez Pena

Concelleira delegado de Promoción
Concello de Sada Económica e Turismo e Emprego.

Asdo.- O. Benito Portela

Alcalde Presidente do